

## O APAGÓN ELÉCTRICO

A vila na que vivía Zeltia quedou sen electricidade durante unhas semanas. Zeltia estaba tirada no sofá, aburrida e sen saber que facer cando de pronto, Ernesto, o seu avó, achegouse a ella.

- Zeltia, querida, que e o que che pasa? Preguntoulle Ernesto.

- Nada avó. Abúrrome moito. Non podo xogar aos videoxogos nin co ordenador. Nin sequera podo mirar as redes sociais porque xa se me acabou a batería do móbil e como non hai electricidade non o podo cargar. Respondeu ella.

- Vaia por Deus! Menuda faena. Ti sabías que cando eu era pequeno non había electricidade?

- Enserio avó! Respondeu ella cun ton que mostraba sorpresa.

- Moi enserio nena, moi enserio.

- E como vos entretíñades? Preguntou Zeltia con curiosidade.

- Había varios xogos aos que me gustaba xogar cos meus amigos. Por exemplo: A mariola, aos peóns, , as canicas , aos zancos a goma, a comba. Queres que che ensine a algún de eles e así entreteste un pouco? Preguntoulle o avó.

-Veña vale! Respondeu Zeltia con entusiasmo.

Esa tarde Ernesto e Zeltia xogaron a todos os xogos aos que xogaba Ernesto cando era un rapaz.

Ao día seguinte Zeltia ensinoulle a todos os seus amigos a xogar aos xogos que lle ensinou a xogar o seu avó.. O resto de alumnos veíanlles xogar e eles tamén querían aprender. Pronto, toda a escola xogaba aos xogos populares que Zeltia popularizou. Os profesores mais maiores miraban aos nenos cun sorriso recordando cando eles eran nenos e xegogaban a eses mesmos xogos.

Dúas semanas despois volveu a electricidade, pero eles seguían xogando aos xogos tradicionais e usaban a tecnoloxía con moita mais moderación.

Uns días despois, a Televisión de Galicia presentouse na escola de Zeltia a ensinar como os xogos populares volver a reinar nos patios das escolas.